



PLAN DIXITAL

EASD PABLO PICASSO

A CORUÑA

[Versión 1.01 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso, avenida Os Pelamios, 2, 15001, A Coruña, www.eapicasso.com, escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal, Ensinanzas Superiores de Deseño e Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño, 450 estudantes e 43 docentes.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A Escola de Arte e Superior de Deseño “Pablo Picasso” de A Coruña, é un Centro de Estudos sostido con fondos público e administrativamente dependente da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, adicada ao ensino das seguintes especialidades:
 - **Ensinanzas Artísticas Profesionais:**
 - Ciclo Superior de Ilustración
 - Ciclo Superior de Fotografía
 - Ciclo Superior de Escultura aplicada ao espectáculo
 - Ciclo Superior de Dourado, Prateado e Policromía Artística.
 - **Ensinanzas Artísticas Superiores:**
 - Deseño Gráfico
 - Deseño de Interiores.
 - **Oferta Modular:**
 - Taller Cerámico I e II.
 - Taller de Madeira.
- Todas as especialidades están definidos pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo e pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Reúne logo, a dobre condición de Escola de Artes Plásticas, herdeira dunha longa tradición no ensino das Artes Plásticas, as Artes Aplicadas, as Artesanías e os Oficios Artísticos, coa de Escola Superior de Deseño, con vocación de ensino no ámbito que é propio de Titulacións Oficiais incluídas no nivel 2 (Grado) do MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior); sendo estas dúas condicións irrenunciáveis e mutuamente enriquecedoras.
- A realidade cultural do entorno socio-económico da Escola é quen lle outorga os rasgos máis salientables da mesma, que son:
 - **a)** A Escola promove unha formación profesional e artística en prol da igualdade entre homes e mulleres e entre individuos de diferentes etnias e culturas.

- **b)** A Escola ten, e emprega como lingua oficial o galego, lingua propia da Comunidade Autónoma de Galicia e da súa Administración Educativa. A plena normalización lingüística é un obxectivo a acadar.
- **c)** A Escola imparte formación nun ámbito de convivencia definido polo respecto ás opinións alleas, a tolerancia, a responsabilidade e o espírito de traballo, promovendo a participación e a formación da vontade colectiva de xeito democrático.
- **d)** A Escola, como Centro sostido con fondos públicos, e de acordo coa autonomía de xestión económica permitida pola lexislación vixente, asigna os recursos de xeito transparente e de acordo cos criterios acordados na Comisión Económica e na Xunta de escola, tendo en conta tódolos eidos contemplados no seu orzamento. A Escola no desenvolvemento desa mesma autonomía financeira, non renuncia á obtención de recursos económicos complementarios derivados da súa actividade.
- **e)** A formación impartida na Escola, finalista e non propedéutica, e a relación da mesma co mundo laboral e artístico obrigan a que a Escola non limite a súa relación co mundo laboral á xestión da "Formación práctica en empresas, estudos ou talleres ou a xestión da bolsa de traballo", senón que se dá a diferentes niveles de colaboración mutua entre a Escola e as empresas, corporacións públicas e privadas, institucións, artistas, asociacións de corte social, etc....
- **f)** A Escola é unha das institucións docentes públicas máis antigas do Concello de A Coruña. Creada en 1886 coma Escola de Belas Artes Provincial de 2ª clase, foi adscrita en 1900 ó Ministerio de Instrucción Pública coma Escola de Artes e Industrias. Ubicada nos seus inicios na Rúa Estreita de San Andrés, logo no Edificio da Guarda, na actual Praza de Pontevedra, dende 1987 desenvolve a súa actividade nun edificio de singular valor arquitectónico, obra do arquitecto D. José Antonio Corrales Gutiérrez, na Rúa Os Pelamios, nº 2. no distrito postal 15001 da cidade de A Coruña, e polas súas aulas e talleres pasaron ó longo de máis dun século un número moi importante de persoas. O feito de que se trate da única institución docente pública no eido que lle é propio, que polas súas aulas pasase Pablo Ruíz Picasso, que lle presta o seu nome, o prestixio que actualmente coñece a actividade do deseño como o mellor valor engadido de que poden gozar os produtos manufacturados, e a súa propia traxectoria discente, converten á EASD nunha institución cun forte potencial docente, aínda sen desenvolver completamente, coma para converterse nun referente de excepcional valor no mundo artístico.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa:

- **Art. 111 bis** que fai referencia ás tecnoloxías da información e a comunicación, **Art. 121** que indica que o proxecto educativo do centro ten que recoller a estratexia dixital do mesmo, e **Art. 132** que outorga á dirección a tarefa de promover a innovación educativa da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- **Disposición adicional quinta** da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 que insta aos centros a elaborar no curso 2021-22 o plan dixital de centro.
- **Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027)**, liña que segue a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para concretar a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.
- O Regulamento polo que se establece o **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021** establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación.
- **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución establece os principios, a temporalización, os instrumentos, a formación e a coordinación para a realización do Plan Dixital.

1.4. Proceso de elaboración

- O Equipo de Dinamización do Plan Dixital está formado polo director, secretario, xefa de estudos e coordinador TIC. A comunicación da información necesaria para a realización do PD transcorreu por dúas vías:
- Consellería---Dirección do centro----Coordinador---Equipo de Dinamización
- Asesor ADIX---Coordinador----Equipo de Dinamización
- Para o intercambio de documentación e acceso á información entre os membros do Equipo de Dinamización creouse un espazo en Moodle onde se colgaron todos os documentos facilitados polo asesor, así como os resultados do SELFIE e o CDD. A comunicación con asesor realizouse a través de Moodle, móvil e whatsapp.

- A elaboración do DAFO realizouse coa ferramenta BOARD, previa reunión do Equipo de Dinamización para debater sobre os ítems a incorporar. O mesmo sucedeu co Plan de Acción, empregouse a plantilla facilitada polo asesor para a súa redacción final, previa reunión do Equipo de Dinamización para definir os obxectivos.
- Polo que respecta á redacción deste Plan Dixital é un proceso conxunto realizado en liña a través do espazo Abalar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Dispoñemos de conexión por cable e WIFI, así como de repetidores de sinal Ubiquiti.
- Contamos con 4 equipos na Biblioteca para uso do alumnado.
- Hai 3 aulas con 16 equipos informáticos cada unha.
- Todas as aulas contan cun equipo informático a disposición do profesorado con conexión a internet por cable.
- O salón de actos ten un proxector profesional e un equipo informático.
- Os despachos dos membros do equipo directivo contan con cadanseu ordenador con conexión a internet por cable.
- Servizos dixitais educativos: como servizos corporativos empregamos o webmail da consellería, a páxina web do centro e a aula virtual, así como o Codex.Pro para a xestión docente.
- A xestión do mantemento do equipamento do centro realizáa a empresa Replay coa coordinación do responsable TIC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO empregamos o test SELFIE e o test CDD (Competencia Dixital Docente), así como reunións presenciais do equipo.

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					2.8
	Profesorado					3.4
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					3.2
	Profesorado					3.4
	Alumnado					2.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					4.1
	Profesorado					3.3
	Alumnado					3.3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					4.4
	Profesorado					3.8
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					3.8
	Profesorado					4.1
	Alumnado					4.1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					3.3
	Profesorado					3.8
	Alumnado					3.6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					2.9
	Profesorado					3.5
	Alumnado					3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					3.8
	Profesorado					3.9
	Alumnado					3.4

1.1. Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>8</u>	<u>21</u>	<u>38,1</u>
PROVISIONAL	<u>6</u>	<u>13</u>	<u>46,2</u>
INTERINO	<u>5</u>	<u>9</u>	<u>55,6</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>82</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia

2.3. Distribución do profesorado por niveis

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O centro dispón de medios informáticos axeitados para a implementación do Plan Dixital. O alumnado con menos recursos ten á súa disposición hardware.	Inexistencia de repositorios online de materiais de aprendizaxe.
	PERSOAL DOCENTE	Utilización da plataforma virtual de ensino-aprendizaxe Moodle.	
	PERSOAL NON DOCENTE		Escaso manexo dos equipos informáticos a nivel de hardware. Escaso desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.
	ALUMNADO	Emprego de software para fomentar a creatividade.	Escasa capacitación dixital ao alumnado por parte do profesorado. Definir as enquisas dixitais de avaliación da actividade docente. O alumnado descoñece existencia de dispositivo en préstamo.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O equipo directivo apoia ao persoal docente na exploración de novas vías de ensinanza-aprendizaxe mediante uso das TICs.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Aplicación interactiva para a introdución de faltas de asistencia. Cursos de competencia dixital no PFPP.	Ancho de banda de Internet. Necesidade de licenzas de software para o alumnado. Escasa flexibilidade nos horarios dos cursos de formación.
	LEXISLACIÓN	Permitir o ensino mixto para compatibilizar educación con traballo.	
	CONTORNA	Posibilidade de empregar ferramentas dixitais na colaboración externa. Fomentar a participación das empresas na estratexia dixital do centro.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Creación dunha base de datos online a disposición do alumnado para a realización de prácticas en empresa	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez establecido o análise DAFO e o test CDD, o equipo reuniuse para definir cales son os obxectivos SMART viables para o curso 2022-23.

Infraestructura e equipamento: Mellorar a conectividade a Internet

Mellorar a conectividade a Internet nas aulas 3, 4, 5 e 6. Empregarase un software de medición da velocidade de conexión e descarga.

Pretendemos polo menos mellorar a conectividade no 50% das aulas previstas no obxectivo.

Desenvolvemento persoal: Capacitar ao profesorado no emprego de software para a creación de materiais de aprendizaxe interactivos

Que polo menos 4 docentes de diferentes departamentos realicen a formación.

Desenvolvemento persoal: Adquirir competencias no manexo de hardware de imaxe e son.

Porcentaxe de docentes capaces de establecer conexións de imaxe e son entre o equipo informático e o proxector de aula (Instrumento de medida: docentes que finalizan o periodo de formación).

Como valor previsto, prevemos que o 75% dos docentes apuntados acaben o curso.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Mellorar a conectividade a Internet en todo o centro, tanto o cableado como as conexións WIFI para que o alumnado poida empregar os seus dispositivos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Na actualidade dispoñemos de rede WIFI e 4 aulas cos equipos cableados.

Asemade como o alumnado ten unha carga de traballo na casa, cremos que deberiamos facilitarlles as ferramentas de software, empregadas no eido profesional, e para o que os formamos en cada un dos estudos que impartimos.

Precisamos unha aula con 15 PCs con características hardware para traballo fluído en 3d para empregar nos ciclos de Escultura Aplicada ao Espectáculo e Dourado e Policromía, así como as Ensinanzas Superiores de Deseño de Interiores. Dita aula agora mesmo ten Mac Mini do ano 2011, insuficiente para o traballo requerido co software que se precisa no eido profesional.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Area/s de mellora": Infraestrutura e equipamento (C)						
1. OBXECTIVO :	Mellorar a conectividade a Internet				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Mellorar a conectividade a Internet nas aulas 3, 4, 5 e 6 (Instrumento: software de medición de velocidade)					
Valor de partida	As aulas 8PC, 8 Mac e 11 teñen boa conectividade porque están cableadas					
Valor previsto e data	Mellorar a conectividade a Internet no 50% das aulas			15 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Comprobar a velocidade de Internet nas aulas 3, 4, 5, 6	Empresa de mantemento informático	Novembro 2022	Software gratuito Informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Estudar as posibles solucións: repetidores, redes WIFI personalizadas ou cablear	Empresa de mantemento informático e coordinador TIC	Decembro 2022	Informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Implantación da solución	Empresa de mantemento	Maio 2023	<ul style="list-style-type: none"> • Puntos de acceso • Cableado • Informático e electricista 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Desenvolvemento persoal (D)						
2. OBXECTIVO:	Capacitar ao profesorado no emprego de software para a creación de materiais de aprendizaxe interactivos				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador-a Formación Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de docentes que acada competencias no manexo de aplicacións informáticas (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	Que polo menos 4 docentes, a poder ser pertencentes a departamentos diferentes, realicen a formación.			20 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Solicitar un curso de aplicacións para a creación de materiais interactivos de aprendizaxe ao CFR da Coruña	Coordinador-a formación profesorado	Setembro 2022	Impreso de solicitude de cursos de formación. Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Difundir entre o profesorado o curso para que se apunte o maior número de docentes	Coordinador-a formación profesorado	Decembro 2022	Correo corporativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización do curso	Coordinador-a formación profesorado	Febreiro - maio 2023	Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Area/s de mellora": Desenvolvemento persoal (D)						
3. OBXECTIVO :	Adquirir competencias no manexo de hardware de imaxe e son				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador-a Formación Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de docentes capaces de establecer conexións de imaxe e son entre o equipo informático e o proxector de aula (Instrumento de medida: docentes que finalizan o periodo de formación)					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	75% de docentes apuntados ao curso			20 de xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar un curso de conceptos e conexións de imaxe e son e a súa aplicación directa na aula, ao CFR da Coruña	Coordinador-a formación profesorado	Novembro 2022	Impreso de solicitude de cursos de formación. Conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Difundir entre o profesorado o curso	Coordinador-a formación profesorado Xefes de departamento	Decembro 2022	Correo corporativo, plataforma Moodle dos departamentos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Realización do curso	Coordinador-a formación profesorado	Febreiro - maio 2023	<ul style="list-style-type: none"> Aula PC e Mac Proxector de aula Altofalantes 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Avaliación procesual: realizarase unha vez ao trimestre. Valorarase o estado da execución das accións, os resultados e, se fora necesario, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.

Avaliación final: realizarase ao remate do curso escolar. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Na Xunta de Escola e no Claustro, así como a través dos medios dixitais que emprega o Centro para a comunicación, como a páxina web.